

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Servizos Económicos

*Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións do Plan Sada Activa para autónomos/as e PEMES de Sada*

#### **Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións do Plan Sada Activa para autónomos/as e PEMES de Sada**

En sesión do Pleno do Concello de Sada celebrada o pasado 25 de xuño de 2020, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións do Plan Sada Activa para autónomos/as e PEMES de Sada, procedéndose á súa convocatoria por Decreto da alcaldía 1342/2020 do 26 de xuño:

#### **1. OBXECTO**

Co obxectivo de dar resposta, no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID19, para manter a actividade económica e protexer o emprego, establécense estas axudas económicas destinadas ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas de Sada, calquera que sexa a súa forma xurídica, que tiveran que paralizar (suspender) a súa actividade pola declaración do estado de alarma ou que viran reducida a súa facturación polo menos nun 75%, tal como establece o artigo 17 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID19. Deste xeito preténdese protexer o interese xeral da veciñanza de Sada, dando soporte ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas, así como aos traballadores e traballadoras por conta allea residentes na vila tanto para minimizar o impacto da crise actual como para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes a reactivación da economía.

Esta función que cumpren as administracións locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible a efectividade da dimensión local do emprego que apunta, tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego, define o ámbito local como "Aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas". Polo que, lonxe de ser un ámbito no que unicamente póñanse en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos, pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores, conseguindo un máis idóneo nivel de precisión en cada territorio.

Polo tanto, de conformidade con todo o exposto, o Concello de Sada presenta estas bases có obxecto de regular a concesión de axudas, en réxime de adjudicación directa, para o mantemento do emprego, do tecido empresarial e a diversidade comercial, sempre e cando as posibles persoas beneficiarias cumpran ás condicións de outorgamento e xustificación que se expoñen nestas bases.

#### **2. NORMATIVA**

1.-O procedemento rexerase polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LGS), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións (RGS), pola Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 e pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Ademais, os datos persoais tratados nas solicitudes de participación trataranse de conformidade á Lei de Protección de Datos, 3/2018.

2.-O procedemento de concesión de subvencións que se regula a través das presentes bases axustarase aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

#### **3. CONCEPTO SUBVENCIONABLE**

As subvencións outorgaranse co fin de contribuír á mellora e recuperación do sector empresarial, do desenvolvemento económico e a protección do emprego no Concello de Sada causado pola crise sanitaria do Covid-19.

#### 4. CANTIDADE E CRÉDITO

1.-A contía total das subvencións non poderá superar os 750,00 € para aquelas persoas físicas o xurídicas sen persoal por conta allea ao seu cargo a data ce 1 de marzo de 2020. A esta contía sumaráselle 250,00 € por cada traballador/a contratado/a por conta allea ao seu cargo a data 1 de marzo de 2020 ata un máximo de 1.500,00 €.

2.- A partida presupostaria á que se imputarán as presentes subvencións será a **439.47900** cun orzamento total de 800.000,00 €. No caso de que finalizado o prazo de solicitude o número das mesmas fora superior ao importe orzamentado inicialmente consignado, poderase ampliar o crédito ata a cobertura do maior número delas posibles. Do mesmo xeito, no caso de que o número de solicitudes fose menor ó crédito dispoñible nesta subvención, o restante utilizarase para levar a cabo outras medidas de reactivación económica.

3.- En todo caso, a aprobación deste gasto, e a consiguiente concesión das subvencións, quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo para facer fronte á subvención concedida a cada beneficiario/a.

#### 5 .PERSOAS BENEFICIARIAS

1.-Terá a consideración de beneficiario/a de subvencións a persoa que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión, a condición de que cumpra os seguintes requisitos:

1.1.-Que a actividade empresarial se realice no Concello de Sada.

1.2.-Estar ao corrente das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social, así como non presentar ningunha débeda co Concello de Sada ou calquera outra Administración Pública.

1.3.- Non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade que indica a Lei Xeral de Subvencións, 38/2003, no seu artigo 13.2 e 13.3.

1.4.-Terse atopado na obriga de paralizar a súa actividade empresarial debido a que non estaba permitida dita actividade na declaración do Estado de Alarma ou, sen chegar a ter que paralizala por ser considerada unha actividade esencial, a súa facturación sufrise unha diminución de, como mínimo o 75%, de conformidade co Decreto Lei 8/2020. Aqueles que paralizasen a súa actividade sen ter obriga (por ser considerada unha actividade permitida nos diferentes decretos do Estado de Alarma) non poderán optar a subvención.

1.5.-Estar clasificada como persoa autónoma ou dona/socia dunha peme.

1.6.-Só poderá ser subvencionada unha solicitude por empresa, aínda que varios socios/as da empresa sexan traballadores/as autónomos titulares e polo tanto, beneficiarios/as e con dereito á subvención. Do mesmo xeito, será subvencionada unicamente unha empresa, independentemente de ter varios centros de traballo ou ter de alta varias actividades económicas coincidentes cos códigos de Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAEs) subvencionables.

1.7.-En relación cō punto anterior, quedaría excluído o persoal autónomo colaborador ("familiar, ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade do traballador autónomo titular que conviva ou traballe con el e estea afiliado ó RETA), é dicir, a axuda é unha por empresa, nunca por número de autónomos que traballen nela. No caso dos autónomos colaboradores, si poderán ser tidos en conta como empregados, a efectos de poder solicitar os 250,00€ por empregado que se especifican nestas bases.

1.8.-En ningún caso o importe dá subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus. Para iso, esixirase ás beneficiarias un certificado dos ingresos percibidos no mesmo mes do ano inmediatamente anterior ó presente e do mes en curso, a efectos de coñecer a diminución de ingresos producida pola crise sanitaria do covid19 así como un xustificante de todas as axudas solicitadas polo posible beneficiario. Para empresas de nova creación ( é dicir, aquelas cunha antigüidade menor a 1 ano e que por tanto non poden presentar a documentación do ano anterior) o candidato a subvención presentará a documentación requerida en referencia o mes anterior o inicio o estado de alarma.

1.9.-Son obrigacións das persoas beneficiarias as contempladas no artigo 14.1 da citada lei 38/2003, coas consecuencias repercursións legais en caso de incumprimento.

#### 6 .PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

1.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concesión directa, establecido no artigo 22.2 da LGS, xustificándose dita concesión no apartado c) do mesmo artigo ("Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a

súa convocatoria pública) avalando esta excepcionalidade na crise sanitaria, económica e humanitaria que está a provocar a pandemia do Covid19 en todo o país, e no noso termo municipal por ende. Baseándose no anterior, considérase como máis conveniente a concesión directa fronte ó procedemento ordinario de concorrencia competitiva, por considerarse un procedemento máis axil e eficaz que o habitual e que permite unha rápida percepción das axudas por parte das persoas beneficiarias xa que se poden tramitar no momento en que son recibidas as solicitudes (sen necesidade de esperar ao remate do prazo) e que, de tramitarse de modo ordinario, o interés xeral veríase gravemente afectado no seu obxecto, xa que se pretende dar unha resposta inmediata ás necesidades económicas que presenta neste momento o sector comercial do Concello de Sada. Ademais, de conformidade co artigo 30,7 da 38/2003, LGS, “las subvenciones que se concedan en atención a la concurrencia de una determinada situación en el receptor no requerirán otra justificación que la acreditación por cualquier medio admisible en derecho de dicha situación previamente a la concesión, sin perjuicio de los controles que pudieran establecerse para verificar su existencia”.

As solicitudes presentadas xunto coa documentación requirida levarán a data do rexistro, que servirá para crear unha orde de prelación co obxecto de saber o número de solicitudes presentadas. No caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa a devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender ás mesmas nese momento, de acordo co disposto no punto 4 das bases.

2.- As resolucións de concesión ditaranse nun máximo dun mes dende a presentación da solicitude, de conformidade cós prazos indicados na Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 e na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, despois de cumprir co procedemento, para poder realizar os pagos correspondentes a cada solicitude concedida, nas contías indicadas, nun pago único mediante transferencia bancaria. Os pagos realizaranse no prazo máximo de 90 días hábiles dende a resolución de concesión da subvención sempre e cando a tramitación non se vexa suspendida por causas de forza maior ou non posibles de prever.

Estas subvenciones son incompatibles con calquera outra subvención outorgada por unha Administración Pública cuxo obxecto sexa o mesmo que o redactado nestas bases.

3.- De conformidade co artigo 42.2 b) do RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, LGS, as persoas beneficiarias desta subvención estarán exentas da constitución de ningún tipo de garantía salvo que se dé a circunstancia prevista no apartado 3 do mesmo artigo. Neste caso, a garantía a aportar pola persoa beneficiaria será, de conformidade co artigo 46 do RD 887/2006, un importe igual a subvención outorgada, incrementada nun 10% e deberá ingresarse nunha conta que se proporcionará ao efecto despois da resolución favorable e antes do pago en conta.

No caso de non constituírse dita garantía, o pago da subvención non será satisfeito.

## 7. PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes dirixiranse ao Departamento de Promoción Económica e poderanse presentar a través da sede electrónica do Concello de Sada (<https://sede.sada.gal/>) ou do resto de Administracións Públicas, segundo o artigo 16.4 da lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 39/2015. Segundo a norma anterior, as persoas xurídicas están obrigadas a presentar a documentación de forma electrónica, non sendo válido ningún outro método de presentación. As persoas físicas, debido á limitación de circulación imposta polo Estado de Alarma regulado no RD 463/2020, deberán presentar as súas solicitudes tamén de xeito electrónico.

2.- O prazo para presentar a solicitude (Anexo I) xunto coa documentación necesaria para poder optar á subvención será de 20 días hábiles a contar desde o seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). A solicitude tamén estará dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Sada.

Aquelas solicitudes que, presentadas dentro do prazo anterior, presenten algún tipo de erro, falta de documentación ou calquera outro tipo de subsanación emendable, terán o prazo improrrogable de 10 días hábiles desde a notificación da petición de subsanación para levala a cabo polos mesmos medios referidos anteriormente.

3.- A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización, non seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude. Do mesmo xeito, en caso de non emendar a documentación no prazo establecido, unha vez requirida, entenderase que desiste da súa solicitude.

## 8 . DOCUMENTACIÓN OBLIGATORIA

Xunto coa solicitude asinada haberá que acompañar obrigatoriamente a seguinte documentación:

·DNI (NIE) ou CIF, segundo o caso Certificado actualizado da situación censual

- Informe de vida laboral da empresa no que conste o número de traballadores a 1 de marzo de 2020
  - Modelo datos bancarios do Concello de Sada
  - Documento xustificativo de ser beneficiario/a da prestación extraordinaria por cese de actividade no caso das persoas autónomas.
  - Autorizacións (AEAT e TXSS) e certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia
  - Contrato de constitución da Sociedade Civil, Comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica. E escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro.
  - Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma e o DNI polas dúas caras ou NIE da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma
- Ademais de asinar unha declaración xurada que se anexa na solicitude da convocatoria, con diversas cuestións.

## 9 . INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A ordenación, convocatoria e resolución do procedemento corre a cargo da Alcaldía e a instrucción do mesmo da Concelleira do Departamento de Promoción Económica, Turismo e Emprego. A aprobación das bases será competencia do Pleno Municipal.

O órgano encargado da resolución realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Os prazos para resolver e notificar este procedemento serán os determinados na normativa que regula estas bases, de conformidade co punto número 2 desta convocatoria.

## 10. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

1.- O pagamento destas subvencións realizarase no momento da concesión nun pago único, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión da axuda, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Departamento xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

## 11. CONDICIÓNS ÁS EMPRESAS OU PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas:

- Manter a actividade empresarial pola que foi subvencionada ata o 31 de decembro de 2020.
- Se é o caso, de ter empregados/as ao seu cargo, mantemento como mínimo dun 50 % do persoal declarado no informe da vida laboral da empresa achegado no momento que se presentou a solicitude.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e, en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para tal fin ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e as detalladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Sada.

## 12. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

No mes de xaneiro de 2021, xustificará as obrigas esixidas, coa seguinte documentación:

- Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

- No caso, de ter empregados/as ao seu cargo, Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que abarque os meses posteriores á concesión da subvención e ata decembro de 2020 (inclusive)
- Declaración responsable do conxunto de axudas concedidas e/ou outros ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- Documentación acreditativa da redución da facturación mediante a aportación da documentación á que fai referencia o artigo 17.10 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo.

A presentación destes documentos xustificativos realizarase no Rexistro da Sé Electrónica do Concello de Sada ou de calquera outra Administración Pública, de conformidade ao artigo 16.4 da lei 39/2015, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As persoas físicas poderán presentalo ademais no Rexistro Xeral do Concello de Sada (ou doutra Administración Pública) a condición de que as medidas decretadas polo estado de Alarma en relación á restrición de movementos xa non se atopen vixentes.

Transcorrido o prazo máximo de xustificación sen presentarse a documentación pertinente, requirirase ás entidades beneficiarias para que no prazo improrrogable de 10 días hábiles presenten a mesma, así como notificándolles a posibilidade dun inicio de expediente de reintegro.

### 13. REINTEGRO

Se as persoas/empresas beneficiarias incumpren as obrigas descritas nestas bases, especialmente en materia de xustificación da subvención, procederán ao reintegro do importe total da subvención xunto cunha multa de carácter pecuniario (ou non pecuniario se correspondese) de conformidade co artigo 59.2 da LGS. A gradación das sancións farase de conformidade co artigo 60 e seguintes da mesma lei. Ademais tamén serán causas de reintegro da subvención percibida as contempladas no artigo 37.1 de la Lei Xeral de Subvencións (LGS).

### 14. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Constitúen infracción administrativas en materia de subvencións as accións ou omisións tipificadas na LGS, e serán sancionables aínda a título de simple negligencia. Respecto de a determinación de suxeitos responsables, a cualificación da infracción como leve, grave ou moi grave, a determinación e graduación da sanción que en cada caso corresponda, o procedemento a seguir e a competencia para a súa imposición, estarase ao disposto nos arts. 52 e seguintes LGS.

## (ANEXO I)

## SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS DO PLAN SADA ACTIVA PARA AUTÓNOMOS/AS E PEMES DE SADA

## 1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos e nome/Razón fiscal
CIF:
Enderezo:
Teléfono:
Correo electrónico
Dirección notificación electrónica
Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente (só persoal físicas) <input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non

## 2. DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

Actividade económica:
Epígrafe IAE:
Código CNAE:
Enderezo fiscal/actividade:
Forma xurídica (SL, SA, etc):
Num. empregado/as por conta allea:
Representante/DNI:
Num. Total de autónomos/as por establecemento:

Autónomo/a Individual          Autónomo/a Societario/a      
Autónomo/a Dependente   

## 3. AUTORIZACIÓNS

1. Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o representante legal asinante deste documento, así como calquera outra persoa cuxos datos se recollan no mesmo, autoriza ao Departamento de Promoción Económica, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Sada que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Ése, así mesmo, consciente de que o datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible ao Departamento de Promoción Económica, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. O Departamento de Promoción Económica, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais. Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ao Departamento de Promoción Económica. Advertindo das responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.      Si       Non

#### 4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida pola empresa viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo ou, sen chegar a ter que paralizala, a súa facturación sufrise unha diminución de, como mínimo o 75%, de conformidade co Decreto Lei 8/2020.

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.

Que a persoa solicitante se encontra ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co Concello de Sada e coa Administración Xeral da Seguridade Social.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro así como a presentación da documentación esixida no punto 8 e 12 desta convocatoria.

Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata o transcurso do prazo de prescrición previsto nos art. 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, concordante co establecido no artigo 11 de dita lei.

Que todos os datos relativos a esta solicitude son certos e para que así conste, aos efectos legais de poder obter a condición de beneficiario e posterior cobro da axuda correspondente, así o declaro coa sinatura e presentación desta solicitude.

#### 5. DOCUMENTACIÓN A APORTAR

Faga unha relación detallada dos documentos que aporta (non son válidas formas xenéricas tales coma: "etc, outros, ...")

En Sada a            de            de 2020

Asdo.: (Sinatura do/a solicitante)

Ao Sr. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE SADA

Sada, 25 de xuño de 2020

O alcalde

Oscar Benito Fernández Portela